



**OSCAR PIÑEIRO FRAGA**  
**AVDA. FISTERRA, Nº 58**  
**15230 OUTES**  
**A CORUÑA**

**PROCEDEMENTO: TR340D, CUALIFICACIÓN DE INICIATIVAS DE EMPREGO DE  
BASE TECNOLÓXICA**

**Nº EXPEDIENTE: TR340D 2020/8-0**

**SOLICITANTE: SOLUCIONES AERONÁUTICAS DE GALICIA, SL**

Examinada a solicitude presentada por Oscar Piñeiro Fraga en calidade de promotor do proxecto identificado á marxe, para a súa cualificación e inscrición como iniciativa de emprego de base tecnolóxica (Iebt), e tendo en conta os seguintes:

#### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO:** A solicitude tivo entrada nesta Secretaría Xeral de Emprego o 3 de maio de 2020. No expediente consta toda a documentación esixida no artigo 7.2 do Decreto de convocatoria, incluído o informe do axente de emprego especializado en Iebt que prestou o apoio e asesoramento, adscrito á entidade colaboradora Universidade de Santiago de Compostela.

**SEGUNDO:** Unha vez completo o expediente designouse o consultor de apoio, que realizou os estudos sobre a viabilidade técnica, económica e financeira do proxecto.

Na reunión do día 2 de xullo de 2020 o Comité de Iebt analizou o carácter innovador, a orientación científica ou tecnolóxica, as perspectivas de negocio e a potencialidade de crecemento e de creación de emprego do proxecto, emitindo informe favorable para a súa cualificación como Iebt.

**TERCEIRO:** O proxecto empresarial segundo consta na documentación achegada e nos estudos dos consultores de apoio e no informe do Comité de Iebt reúne todos os requisitos para ser cualificado como unha iniciativa de emprego de base tecnolóxica (Iebt).

**CUARTO:** Na tramitación do presente expediente observáronse todos os requisitos e prescricións legais. Así mesmo, a confidencialidade da información facilitada polo promotor está garantida ao longo de todo o proceso de asesoramento e avaliación do proxecto, incorporándose unha mención expresa do cumprimento do compromiso de confidencialidade nos informes do axente de emprego con especialización en Iebt e dos consultores de apoio e nas actas do Comité de Iebt.





## FUNDAMENTOS

**PRIMEIRO:** A competencia desta Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria para coñecer e resolver a presente solicitude vén determinada polo artigo 10.1 do Decreto do 15 de marzo de 2007 polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (Iebt).

**SEGUNDO :** Do actuado e da documentación que obra no expediente, así como dos estudos de viabilidade técnica, económica e financeira realizados polos consultores de apoio e do informe do Comité de Iebt, despréndese que o proxecto empresarial identificado como SOLUCIONES AERONÁUTICAS DE GALICIA, SL, cumpre todos os requisitos e condicións establecidos no Decreto de convocatoria, para ser cualificado como iniciativa de emprego de base tecnolóxica (Iebt).

Vistos os preceptos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta Secretaría Xeral de Emprego.

### ACORDA

**CUALIFICAR** o proxecto empresarial denominado SOLUCIONES AERONÁUTICAS DE GALICIA, SL como iniciativa de emprego de base tecnolóxica, e inscribilo no correspondente rexistro administrativo, asignándolle o nº 66/332/2020/Iebt.

A citada cualificación e correspondente inscrición lexitima para solicitar as axudas e subvencións que se prevean nos termos e condicións sinaladas no artigo 3 do Decreto de referencia e nas correspondentes Ordes de convocatoria de axudas.

O prazo para constituírse en empresa e iniciar a actividade é o establecido no artigo 12 do Decreto 56/2007 polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT).

Notifícase a presente resolución ao interesado, facéndolle expresa advertencia de que contra a mesma poderá interpoñerse recurso de alzada, no prazo dun mes, a contar dende a súa notificación, ante a Conselleira de Economía, Emprego e Industria, debéndose presentar o escrito do recurso ante aquela ou ante esta Secretaría Xeral de Traballo e Economía Social, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Covadonga Toca Carús  
Secretaría Xeral de Emprego

